

Protocolo de consenso sobre **TDAH** na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario

Manolo Rei

Pontevedra, 28 de novembro de 2018

CONTIDOS DESENVOLVER

1. A xestación e a elaboración do *Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario*
2. O valor da protocolización e a importancia da colaboración e/ou da coordinación
3. O protocolo sobre TDAH desde o ámbito educativo:
 - 3.1. O TDAH na normativa educativa
 - 3.2. A detección do alumnado con TDAH:
 - 3.2.1. Por parte da familia
 - 3.2.2. Por parte do profesorado
 - 3.2.3. Por parte do departamento de orientación. Avaliación psicopedagóxica
 - 3.3. Orientacións para a prevención e a intervención:
 - 3.3.1. Para o centro educativo
 - 3.3.2. Para o traballo na aula
 - 3.3.3. Para as familias
4. Debate coas persoas asistentes

Manolo Rei

Pontevedra, 28 de novembro de 2018

1. A XESTACIÓN E A ELABORACIÓN DO *PROTOCOLO DE CONSENSO SOBRE TDAH NA INFANCIA E NA ADOLESCENCIA NOS ÁMBITOS EDUCATIVO E SANITARIO*

- Curioso que se fixese un documento deste tipo entre dous organismos tan distintos.
- Como eu estaba alí, vouvos resumir como se xestou e elaborou este protocolo:
 - Descoñezo as razóns polas que Sanidade elaborou o “seu protocolo”, que coincidiu no tempo co elaborado por Educación. Talvez comezaron un chisco antes en Sanidade.
 - O 7 de novembro de 2013, coordinado por quen vos fala, reuniuse por primeira vez o GT (5 persoas: 1 servizos centrais da Consellería, 1 inspección educativa, 1 EOE, 1 departamento de orientación e 1 entidade TDAH) que elaboramos o **PROTOCOLO DE IDENTIFICACIÓN E TRATAMENTO PSICOEDUCATIVO DO ALUMNADO CON TDAH.**

1. A XESTACIÓN E A ELABORACIÓN DO *PROTOCOLO DE CONSENSO SOBRE TDAH NA INFANCIA E NA ADOLESCENCIA NOS ÁMBITOS EDUCATIVO E SANITARIO*

- O 20 de novembro de 2013, despois dun intensísimo traballo, estaba elaborado o protocolo citado. Xa estabamos en condicións de fusionalo co de Sanidade.
- A partir de aí comezou un traballo, complexo, entre persoal de Sanidade e de Educación, correspondéndome a min a parte técnica desde esta consellería.
- O **18 de xuño de 2014** fíxose unha presentación conxunta, entre Sanidade e Educación, do *Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario*.
- O protocolo pode atoparse e descargarse en diversos sitios. No Portal Educativo está, cando menos, nas seguintes **ligazóns**:
 - http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/protocolo_de_consenso_sobre_tdah.pdf
 - <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/18451>

2. O VALOR DA PROTOCOLIZACIÓN E A IMPORTANCIA DA COLABORACIÓN E/OU DA COORDINACIÓN

- Non sei que opinades vós, pero eu teño a impresión de que o sistema educativo non é un sistema moi protocolizado. Talvez por unha extensa produción normativa, talvez pola cultura profesional, talvez por ...
- Considero que un protocolo, entendido como *“serie de actos que cómpre seguir nun tratamento, experimento ou estudo”* (diccionario RAG), guía no camiño a seguir, orienta, coordina, etc. Polo tanto, aplaudo a liña de protocolización que, contando con persoas expertas e entidades especializadas, está a seguir a Consellería de Educación.
- Unha ferramenta coma esta, **un protocolo, contribúe ao incremento da coordinación** interna, da coordinación externa e da coordinación-colaboración entre distintos servizos. Este protocolo é un exemplo no que acabo de contarvos. Outro exemplo é o de Atención Temperá, no que colaboraron tres consellerías.

3. O PROTOCOLO SOBRE TDAH DESDE O ÁMBITO EDUCATIVO

3.1. O TDAH na normativa educativa

- O alumnado con Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividade (TDAH) existe e forma parte da diversidade de toda aula e da mesma sociedade, estando considerado, ademais, nese gran grupo de alumnado que a normativa básica (LOE) identifica como alumnado con necesidade específica de apoio educativo (ANEAE).
- A existencia do alumnado con TDAH require que o sistema educativo o identifique e lle preste (asegure) as axudas (medidas) que necesite.

3. O PROTOCOLO SOBRE TDAH DESDE O ÁMBITO EDUCATIVO

3.2. A detección do alumnado con TDAH:

- O TDAH (1) é un **trastorno do neurodesenvolvemento**; é dicir, unha condición de tipo neurobiolóxico que comeza a manifestarse ao longo da infancia, que se caracteriza pola existencia dun patrón persistente de inatención e/ou de hiperactividade e impulsividade e que inflúe, negativamente, no funcionamento e no desenvolvemento das nenas e dos nenos afectados. **O seu diagnóstico corresponde aos servizos sanitarios.**
- O TDAH **maniféstase nos distintos ámbitos** en que se desenvolven as persoas afectadas, chegándose á súa detección despois de que **ALGUÉN OBSERVOU** que algo non ía segundo o agardado e púxoo en coñecemento dos servizos correspondentes. Ese **ALGUÉN** pode ser a **familia**, o **profesorado** ou o propio **departamento de orientación** e o que **OBSERVOU** é o que se coñece como indicadores de TDAH, que poden manifestarse en forma de:
 - **Desatención:** dificultade para manter a concentración nas tarefas, falta de persistencia, desorganización.

(1): DSM-5: American Psychiatric Association (2013). *Diagnostic and Statistical Manual of Mental Disorders*, Fifth Edition. Arlington, Virginia.

3. O PROTOCOLO SOBRE TDAH DESDE O ÁMBITO EDUCATIVO

3.2. A detección do alumnado con TDAH:

- **Hiperactividade:** exceso de mobilidade, inquietude constante.
 - **Impulsividade:** actuacións ou respostas sen pensar nas consecuencias.
 - **Funcionamento escolar:** necesidade de supervisión e instrucións individuais, rendemento inferior ao agardado, etc.
 - **Funcionamento socio-emocional:** vida en presente, escasas habilidades sociais, difícil o respecto ás regras, etc.
- A predominancia e/ou a combinación deses aspectos leva ás **tres formas nas que pode presentarse o TDAH:**
- Predominantemente **inatento**
 - Predominantemente **impulsivo-hiperactivo** (máis frecuente en idades menores)
 - **Combinado** (a máis habitual)

3. O PROTOCOLO SOBRE TDAH DESDE O ÁMBITO EDUCATIVO

3.2. A detección do alumnado con TDAH:

- **Aos centros educativos, servizos de orientación, compete a identificación das necesidades educativas dese alumnado e a orientación sobre as medidas (re)educativas.**
- **Na detección** precoz do alumnado con TDAH resultan **fundamentais:**

3.2.1. A familia

- En relación coa identificación dos nenos e das nenas con posible TDAH, **a familia debe:**
 - Observar e rexistrar o desenvolvemento (na vida familiar, no xogo, etc.).
 - Informar ao profesorado titor do que aprecia.
 - Seguir as pautas educativas que se lle ofrezan.

3. O PROTOCOLO SOBRE TDAH DESDE O ÁMBITO EDUCATIVO

3.2. A detección do alumnado con TDAH:

3.2.2. O profesorado

- En relación coa identificación dos nenos e das nenas con posible TDAH, **o profesorado debe:**
 - Observar e rexistrar as manifestacións (nas tarefas escolares, na atención e na mobilidade, nas relacións).
 - Poñer en práctica as orientacións que se achegan.
 - Solicitar a intervención da orientadora ou do orientador, a través do profesorado titor.

3. O PROTOCOLO SOBRE TDAH DESDE O ÁMBITO EDUCATIVO

3.2. A detección do alumnado con TDAH:

3.2.3. O departamento de orientación

- Á orientadora ou ao orientador compete:
 - A realización da **avaliación psicopedagóxica**.
 - A redacción do **informe psicopedagóxico**, identificando:
 - A relación entre as manifestacións que presenta a alumna ou o alumno e o DSM-5.
 - As repercusións no funcionamento educativo, familiar e social da nena ou do neno.
 - As medidas e recursos necesarios.

3. O PROTOCOLO SOBRE TDAH DESDE O ÁMBITO EDUCATIVO

3.3. *Orientacións para a prevención e a intervención:*

- No anexo I existen orientacións para o centro educativo e para a intervención dentro da aula. No anexo II, para as propias familias.

3.3.1. *Para o centro educativo:*

- Destaco:
 - Escolarizar o alumnado con TDAH nas aulas ordinarias.
 - Sensibilizar o profesorado coas medidas de atención á diversidade para alumnado con TDAH.
 - Unificar as pautas metodolóxicas, os sistemas de avaliación e as técnicas de control da conduta.
 - Garantir a coordinación entre a familia, o profesorado, os servizos de orientación e, a través da familia, os servizos sanitarios e/ou sociais e as entidades sen ánimo de lucro relacionadas co TDAH.

3. O PROTOCOLO SOBRE TDAH DESDE O ÁMBITO EDUCATIVO

3.3. Orientacións para a prevención e a intervención:

3.3.2. Para o traballo na aula:

- Destaco:
 - Antes de empezar unha actividade, hai que explicala de xeito claro e sinxelo, e asegurarse de que a entendeu todo o alumnado.
 - Segmentar as actividades longas e limitar o número destas (mellor facer tres correctas ca cinco incorrectas).
 - Supervisar frecuentemente a realización.
 - Variar os exercicios, para que non se aburra.
 - Potenciar a aprendizaxe colaborativa, onde aprende xunto alumnado diferente.
 - Utilizar diferentes formas e instrumentos de avaliación.
 - Que os exames escritos sexan curtos e con preguntas breves, cerradas, claras e con vocabulario sinxelo.

3. O PROTOCOLO SOBRE TDAH DESDE O ÁMBITO EDUCATIVO

3.3. Orientacións para a prevención e a intervención:

3.3.2. Para o traballo na aula:

- Destaco:
 - Deixar máis tempo para os exames ou probas escritas, incluso dividilas en dúas sesións, e ser flexibles na súa duración.
 - Deixar suficiente espazo entre as preguntas, e supervisar a súa comprensión e execución.
 - Ofrecerlle ao alumno ou á alumna experiencias de éxito, e reforzar calquera pequeno logro na aprendizaxe e/ou na conduta.
 - Evitar as recriminacións verbais. Corrixir en privado e felicitar en público.
 - Ignorar os comportamentos de chamadas de atención que non son moi molestos.
 - Permitir momentos de distensión (levantarse, borrar o encerado, repartir cadernos, etc.)..

3. O PROTOCOLO SOBRE TDAH DESDE O ÁMBITO EDUCATIVO


3.3. *Orientacións para a prevención e a intervención:*

3.3.3. *Para as familias:*

- Destaco:
 - Unificación de criterios entre as persoas adultas da familia.
 - Coordinación da familia cos servizos educativos e sanitarios.
 - Ser modelo de conduta reflexiva.
 - Oferta de actividades complementarias.
 - Favorecer a súa relación con amigas e amigos e con compañeiras e compañeiros.

3. O PROTOCOLO SOBRE TDAH DESDE O ÁMBITO EDUCATIVO

SÍNTESE:





Moitas grazas

a todas e a todos

Manolo Rei:

666037094

marefe@edu.xunta.es